



Agolada

Mestras e mestres que sufriron a represión franquista:

M ^a Milagros Gómez Fernández	<i>Bais</i>	Suspensión e traslado
José Sieiro Fernández	<i>Eidian</i>	Inhabilitación
Matías Fernández Fernández	<i>Esperante</i>	Suspensión
Ramón Follente Carballo	<i>Feira Nova</i>	Traslado
Manuel Civeira Eiriz	<i>Vilariño</i>	Traslado

Primo Castro Vila (1880-1950) Alcalde republicano de Agolada



Fundación Eira



Web: <https://eiradaxoana.gal/>, <http://adega.gal>

Contacto: fundacion@eiradaxoana.gal, adega@adega.gal

Homenaxe ás vítimas da represión 2019



Primo Castro Vila (1880-1950), alcalde republicano de Agolada.

Naceu en Toiriz (Vila de Cruces), nunha familia labrega. Ao tempo que aprendía algo de letras e de números, foise iniciando no oficio de carpinteiro. Aos 15 anos emigrou a América.

Buenos Aires e Montevideo foron as cidades onde viviu e traballou. Regresou ao cumprir 30 anos e, cando tiña 34, casou con Ascensión Martínez Sobrado, coa que tivo 2 fillos (que morreron de cativos) e dúas fillas. Era o tempo na que rexentaba unha taberna de moita sona na Feira Nova, a “Taberna de Primo”.

Cando tiña 51 anos presentouse polo Partido Republicano ás eleccións municipais de abril do ano 31, e foi elixido alcalde, cargo ao que desenvolveu despois das eleccións de febreiro de 1936, que gañara a Frente Popular. Promoveu a construción de escolas municipais, a mellora de camiños e estradas, a produción de enerxía no concello (central hidroeléctrica no río Arnego: hoxe consérvase a ponte Carmoega)... Con el ao fronte, Agolada sumouse á Asemblea de Municipios de Galicia, que apostaba por un estatuto de autonomía para Galicia.



Homenaxe ás vítimas da represión 2019



Despois do golpe de estado do 36, foi destituído (6 de agosto). Agochouse para fuxir da represión. Finou en Brántega cando tiña 70 anos.

En 2006 fíxoselle unha homenaxe na Agolada e púxose unha placa na que fora a súa casa. A principios de 2016, a placa desapareceu. Recuperada, foi trasladada á Eira da Xoana (Ramil), onde se ofreceu especial recoñecemento a Primo Castro en agosto dese ano, no marco dos actos anuais de homenaxe ás vítimas da represión.



Bernabé/Javier Lalín. Faro de Vigo

Membros da familia de Primo Castro e outras persoas asistentes ao acto celebrado na Eira da Xoana o 14 de agosto de 2016.

Agradecementos a Ángel Utrera, polas súas achegas.